

MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

Criterios do exame

PREGUNTA 1.

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 1:

- 1.- Capacidade de comprensión e identificación.
- 2.- Capacidade de expresión escrita, máis alá do discurso académico.
- 3.- Dominio de vocabulario técnico e habilidade no seu uso.

Obxectivos:

Que o alumnado sexa capaz de:

1. Aplicar, seleccionar e identificar os conceptos específicos da disciplina.
2. Adquirir e dominar o linguaxe propio da disciplina.
3. Comunicar no linguaxe propio dos movementos culturais e artísticos.

Descrición do exercicio

O exercicio consistirá en cinco imaxes, nas que o alumnado identificará os termos específicos da materia, de acordó cos coñecementos adquiridos no curso. Unha vez identificados, o alumno deberá definir de forma axeitada e con corrección e coherencia na expresión un máximo de cinco dos presentes.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
Identificación	Selección de termos	20 %
Comprensión do vocabulario	Léxico técnico específico	60%
Expresión escrita	Dominio básico da morfosintaxis.	20%

PREGUNTA 2, 3.2 e 4.2.

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 2, 3.2 e 4.2.

1. Capacidade de contextualización da obra.
2. Capacidade de observación (análise e comparación) e de abstracción
3. Capacidade de relación entre o visual e o verbal
4. Coñecemento dalgunhas técnicas e procedementos artísticos.

Obxectivos

MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

Que o alumnado sexa capaz de:

1. Aprender e identificar os principais rasgos dun estilo ou movemento cultural
2. Contextualizar nun tempo concreto e nun movemento cultural e artístico a obra proposta
3. Recoñecer os principais elementos determinados polos convencionalismos na obra

Descrición do exercicio

O exercicio consistirá no análise e comentario dunha das obras propostas. O alumnado deberá catalogar e analizar a obra. Tamén deberá de contextualizar a obra no marco histórico-cultural e artístico e comprender a súa importancia no contexto da materia. Para o análise da obra o alumno deberá de manexar a terminoloxía adecuada e facelo con corrección escrita, empregando a terminoloxía adecuada e a capacidade de análise visual de todos os elementos integrantes da obra.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
Identificación da obra e a tradición artística e cultural	Obra Autor Estilo Cronoloxía	20%
Recoñecemento de elementos formais e su relación con outras convención culturais	Rasgos «de época» Rasgos do estilo Rasgos da praxis artística Rasgos do artista	50%
Profundidade de análise e das relación artísticas e culturais	Rasgos «de época» Rasgos do estilo Rasgos da praxis artística Rasgos do artista	20%
Expresión escrita.	Dominio do vocabulario e da morfosintaxis.	10%

PREGUNTA 3.1 e 4.1

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 3 e 4.

5. Capacidade de desenvolvemento do pensamento crítico a partir dos temas relacionados cos principais movementos culturais

MOVEMENTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

- 2.- Dominio da expresión escrita e da capacidade de síntese dos coñecementos adquiridos no ámbito académico por escrito de xeito coherente o pensamento crítico adquirido.
- 3.- Capacidade de ordenar de xeito coherente o pensamento crítico

Obxectivos

1. Conseguir que cada estudante desenvolva de xeito sintético e coherente os principais coñecementos adquiridos.
- 2.- Fortalecer a capacidade dos/as alumnos/as á hora de investigar, documentar, redactar, achegar e difundir coñecemento.

Descrición do exercicio

Propónse que o alumnado realice, dun xeito sintético, un texto de extensión limitada (máximo 400 palabras), a través do cal poida comprender e reflexionar a importancia dos movementos culturais e artísticos e a seu carácter interdisciplinar para explicar as diferentes relacións con outras manifestacións culturais o artísticas.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
Coherencia en el texto	Argumentación correcta e sólida e coherente.	70%
Comunicación escrita	Redacción correcta na forma o estilo e no manexo do vocabulario axeitado.	30%
Coherencia final	O alumno, partindo do pensamento crítico, establece conclusións.	10%